

S **U** **M** **A** **R** **I** **O**

Unha senda peonil unirá A Silva coa Tablilla en Cerceda (p.13)

Conflicto pola sinalización da estrada en Vilasenín (p. 14)

Colexios da comarca en proxectos internacionais (p. 27)

Tordoia acolleu a final da Liga Galega de halterofilia (p. 28)

Depósito legal: C468-2020

Cerceda | Frades | Mesía | Ordes | Oroso | Tordoia | Trazo

Nº 28 | Novembro 2021

PRIMEIRA NOTICIA



Escasa incidencia na comarca do cambio no imposto de plusvalías

Páxs. 6-7

O fondo de transición enerxética chegará a Cerceda, Ordes, Tordoia, Carral e A Laracha

Páx. 8

Entrevista con Silvia Marín, exconcelleira en Ordes

Páx. 21

A cerámica Verea remata con éxito a restauración ambiental da súa vella canteira en Mesía

Páx. 17

O goberno de Oroso inicia unha xira para escoitar as parroquias

Páx. 18

O leite clama contra a súa ruína

Os gandeiros de produción de leite, actividade fundamental na economía da comarca, viven unha situación extrema. A suba de custos de produción (electricidade, combustibles, fertilizantes, alimenta-

ción...) non se ve compensada nos prezos. Xa iniciaron protestas contra a industria -na imaxe, ante Larsa en Lugo- para que traslade o aumento que si aplica a distribución. Pídenlle á Xunta que interveña. **Páx. 10**

talleres
de Prado
e Granada

talleresdepradoegrano@gmail.com

Telf: 981 68 85 73 / Mvil: 671 79 57 61

Permanente: 696 42 27 94

Fonte Estrei 28-30 Baixo, 3

15680 Ordes (A Coruña)

Mecánica e neumáticos

EDITORIAL

SORRISOS E BÁGOAS. Por Saúl Recouso.

A inxustiza das plusvalías

A anulación do imposto de plusvalías por parte do Tribunal Constitucional, en realidade a do seu método de cálculo, non supón verdadeiramente facer xustiza ao non ter carácter retroactivo. Recoñécese un mal xeito de proceder e evidénciase o dano ao contribuínte, pero non se establece ningún mecanismo para compensarllo.

Estamos por tanto ante unha frustrante victoria moral, que por fortuna serve para que a partir de agora o cobro deste tributo sexa algo menos lesivo. A súa aplicación tal como estaba deseñado resultaba un ensañamento fiscal, unha apisonadora sobre a economía de moitas das familias afectadas.

A solución ideada polo Minis-

terio de Hacienda para cumprir a sentenza é un avance pero non deixa de representar un axuste legal forzado pola circunstancia. Un 'arreglo', como o definiu a propia ministra, que resgarda as finanzas de numerosas Administracións locais, especialmente as das rexións máis urbanizadas.

Por iso non resulta raro que alcaldes e alcaldesas de todo partido respiren con alivio. Manteñen unha entrada de recursos -máis de 2.500 millóns de euros anuais en toda España ata agora- que durante anos bebeu da campante especulación no mercado inmobiliario.

Foi precisamente o estoupido desa burbulla financeira o que deixou á vista a inxustiza, a zaran-

gallada de tributar por unha revalorización do inmovible artificial, ficticia. O novo sistema de cálculo aparenta máis razoable e como mínimo debería impedir esa situación.

O que continúa sen ser aceptable é que este imposto se aplique sobre herdanzas. Podería comprenderse en casos de vastos patrimonios, convintemente proporcionado, pero é desmedido cando a calquera familia de clase media ou baixa a obriga incluso a pedir un crédito para cumprir co imposto. Roza a confiscación.

De fondo, non o esquezamos, o problema da financiación local. Concellos con recursos limitados a cargo de cada vez máis servizos, algúns impropios. Urxe revisalo.

O sorriso para o desbloqueo do proceso da transición enerxética. Non foi sen tempo e agora urxe unha presentación e selección de proxectos eficaz. Por certo, é mellor que os fondos tarden algo máis en chegar que destinalos a iniciativas *pintonas*, moi atractivas sobre o papel pero inviables, innecesarias ou pasaxeiras. A clave ten que ser a xeración de emprego sobre premisas sólidas e a dotación de servizos para a calidade de vida. O contrario será hipotecar o futuro e lastrar as vindeiras xeracións.



As bágoas para as rodas de muíño que se empeñan en xirar e xirar sen gran, empeñadas en facer ruído, en aparentar que funcionan, en disimular a inutilidade con boatos pagados por todo o mundo. O traxe novo do emperador non evita, nunca o fixo e nunca o fará por moita gasa que lle meta, que saibamos que está totalmente en coiros. O noso Nicolasiño sabe do seu ocaso, a súa Bruni tarda en asumilo e o Bygmalion xa hai tempo que se delatou a si mesmo. Mera cuestión olfativa.

LINGUA DE PRIMEIRA. Irene Bravo Pérez.

A riqueza das frases feitas

As **frases feitas** están formadas por grupos de palabras ligadas que expresan unha determinada idea. O significado da frase non é o resultado da suma individual dos significados de cada unha destas palabras, senón que o conxunto de termos permite crear un termo novo.

Coñecer unha lingua é saber algo máis có seu léxico ou as súas relacións sintácticas. Non se pode coñecer unha lingua de xeito completo sen coñecer minimamente o mundo ao que fai referencia. En castelán, para designar alguén que é un covarde pódese dicir del que **es un gallina*. A diferenza non está

no animal senón na utilización que fai o idioma del para expresar unha idea. Os galegos dicimos dun covarde que é un *caguiñas* ou un *cagado*, pero non facemos a comparación con ningún animal. Tampouco utilizamos o galo para dicir que algo se fai rápido. Así, unha frase como *fixoo en menos que canta un galo* é incorrecta para o galego. Habería que dicir: *fixoo nun viravira; nunha patada; nunha carreira, nun chiscar de ollos*, ou, simplemente, *rápido*.

O galego oral está tan ateigado de castelanismos que en moitas ocasións que unha frase feita se introduza no discurso en galego

tal cal non ofrece demasiada resistencia. Na maior parte dos casos, as frases feitas castelás pasan ao noso idioma como figuras que poderíamos definir como "castrapismos" semánticos, xa que poden incluso estar escritos en perfecto galego. O matiz é importante porque permite desenvolver a particular filosofía da nosa cultura. É o caso de *dito e feito*, calco do castelán *dicho y hecho*. En galego é preferible empregar a expresión *meu dito, meu feito*, cando o que subliñamos é a coherencia no propósito: *Chamoume para dicir que viña e meu dito, meu feito: de alí a un par de horas apareceume pola porta*.

Na nosa lingua temos unha

gran riqueza de frases feitas, como *Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale, Outra vaca no millo, A cabra tira ao monte, Non vaia ser o demo, Nunca choveu que non escampara, Éche o que hai, Morra o conto!, Quedar como un Pepe, Chegar e encher*, ou *O que ten cu, ten medo*, por poñer algúns exemplos.

Debemos intentar conservarlas porque son moi útiles na nosa expresión cotiá, pero as primeiras fendas polas que a lingua dominante (no noso caso, o castelán) penetra e acaba por substituír as nosas formas propias por empréstitos innecesarios e enterradores do noso patrimonio lingüístico.



A autora é filóloga e é responsable do Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes.

PRIMEIRA NOTICIA - COMARCA DE ORDES

Edita: Óscar Fraga Garabato.

Paseo do Carboeiro, nº 9. Sigüeiro 15.888. Oroso (A Coruña).

Directora: Aurora Pastor Gil | Teléfono: 617 917 130

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L. | Depósito legal: C468-2020


Mail: primeiranoticia.redaccion@gmail.com | Peche de edición: 19-11-2021


PRIMEIRA NOTICIA

Xornalismo desde a primeira liña

SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

PODES AVISAR A SEMANA ANTES DA RECOLLIDA
POR TELEFONO OU ENVIAR UN WHATSAPP
INDICAR NOME E APELIDOS, DNI, DIRECCIÓN

 981 693 072

 616 167 131



Recorda que os residuos deben estar depositados na rúa preto do contenedor de lixo o día anterior a recollida ou antes das 7:00 horas do mesmo día.

Días de Recollida

CERCEDA: Último venres de mes

XALO: Segundo xueves de mes

FRADES: Primeiro mércores de mes

MESIA: Segundo mércores de mes

ORDES: Primeiro luns de mes
(Casco Urbán) - Segundo luns de mes
(Resto Concello)

OROSO: Primeiro sábado de mes
(Sigüeiro e Porto Avieira) - Primeiro
viernes de mes (Resto Concello)

TORDOIA: Último luns de mes

TRAZO: Segundo venres de mes



De coincidir festivo pasa ó mesmo día da semana seguinte , excepto Oroso que pasa o xoves da semana seguinte

BEN PENSADO. Por Alejandra Carballido Moar.

Trinta anos de aventura

Benquerida Biblioteca:

Non se me ocorre mellor agasallo no teu trinta aniversario que adicarche palabras de loubanza e agradecemento, lembrándome dos nosos primeiros encontros, dun contacto duradeiro ata hoxe. Como á par que eu, ías medrando ti, empapouzoando as túas fazulas de coleccións innovadoras e novelas extraordinarias que non caducaban xamais, fuches facendo imprescindible a túa presenza no pobo tanto como a túa pequena maxia, feita de números e letras espallándoa máis alá dos nosos confíns, gañando en espazo en calidade e en cantidade, fuches subindo chanzos tan á présa que cando nos quixemos dar conta, xa eras maior de idade e xa pasaras a graduarte en tantas outras dis-

ciplinas que á nena que te coñecera, seguiu ao teu carón se cabe con máis ansia e brío que ao principio, pero con outras espectativas de vida.

Gracias a ti, á túa par maduramos moitos, alcanzamos o nirvana literario e humano, porque outra cousa non, amiga, pero ler lemos o que quixemos e máis, á parte de que me axudaches nas miñas inquedanzas e sabores e cumpriches como excusa para moitas tardes chuviosas de inverno.

Sempre ao meu lado e do meu lado, vidas paralelas en diferentes estruturas, pero cun mesmo fin: o amor polas letras e a paixón pola literatura en xeral. Máis especial é o silencio que se escoita entre

as fortes vigas que te sustentan, dás pousada ao bo lector e ao estudante máis laboreiro.

Destaco a túa infinita e máxima paciencia con aqueles usuarios que quizais non saben ou non queren ver que es unha biblioteca, o teu uso e función é o estudo e o préstamo, polo menos ao nivel no que ti traballas que é o municipal, non che podemos pedir máis para o que recibes de nós, que algunha vez se troca en maltrato por non saber estar.

Sei de primeira man que detestas os egoístas e mal educados que non teñen un mínimo de cortesía e decoro nas formas, que estás orfa dun regulamento interno que recolla as normas básicas de comportamento dentro dos

teus dominios para que todos os usuarios saibamos comportarnos adecuadamente, ese sería un agasallo perfecto! Non deberiamos ter que esperar a que cumpramos medio século para que o responsable político de turno se poña mans á obra.

Parabéns amiga biblioteca por seguir sendo a raíña dos cinco sentidos, a pesar dos avances da tecnoloxía que quere afastarte a un lado. Non o creo así, a sensación de coller un libro na man e única!

Aloumiñalo, cheirallo, tocalo, saborealo, e sobre todo devorallo cos ollos, isto fai imposible que a túa estela desapareza, alomenos neste pobo seguiremos ao teu carón uns cantos aniversarios máis.



Alejandra Carballido. Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración.

Panadería A Tilleira

Pan do país - Mesía

📞 626 495 776

Plan
Único
POS+

CANDO MELLORAS A VIDA DAS PERSOAS, NÓTASE NA CARA.

Parques infantís, humanización de rúas e espazos públicos, melloras en centros educativos e deportivos municipais, creación de zonas verdes, beirarrúas e carrís bici, saneamento e abastecemento de auga en núcleos rurais, novos sistemas de alumeado público...

Estas son algunhas das máis de 2.700 obras e servizos que o Plan Único da Deputación da Coruña impulsa moi preto de ti.

Un Plan transparente e útil, que chega a todos os concellos da provincia e que agora, ademais, inclúe un Fondo Social de 14 millóns de euros para apoiar os colectivos máis vulnerables.

Un Plan Único co que a Deputación está máis preto das persoas mellorando a súa calidade de vida.



O “arreglo” do imposto de plusvalías terá escasa incidencia na comarca

Redacción. Comarca.

Os cambios no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, máis coñecido como imposto de plusvalías, case non terán efectos na comarca. Unicamente se poderán percibir en Oroso, pois é o único Concello que o aplica, despois de que Cerceda o derogase en febreiro de 2020.

O tributo é unha importante vía de financiación en moitos Concellos, sobre todo cidades. Grava o beneficio na venda, a doazón ou a herdanza de vivendas ou terreos urbanos, sobre a base do seu valor primixenio.

Volveuse máis polémico a raíz da crise inmobiliaria, pois tanto vivendas como terreos devaluáronse pero o método de cálculo da plusvalía

facía que esa merma non se notase no importe a pagar. É dicir, seguía tributándose como se a venda dese beneficiara.

A finais de outubro o Tribunal Constitucional declarou ilegais varios aspectos do imposto, o máis destacado o sistema de cálculo. Iso si, a sentenza non anulou o cobrado, non ten efecto retroactivo. Quedou en suspenso ata o que a ministra de Hacienda, María Jesús Montero, definiu como un “arreglo” ou reformulación, xa en vigor.

Diferencias nos importes

A modificación só poderá deixarse notar en Oroso; nos demais municipios da comarca, ao non aplicarse, non hai polémica. O goberno local non precisou de momento que pasos vai dar.



A previsión dos orzamentos deste ano era que a plusvalía reportase uns 140.000 euros ao erario de Oroso. En anteriores exercicios a cantidade fora considerablemente maior, pero neste limitouse o imposto temporalmente por mor da pandemia.

A cuestión é polémica habitual nos debates de orzamentos en Oroso. O portavoz do PP, Alexander Doval, leva desde 2015, ano no que se estreou no posto, reclamando a supresión do imposto, ao consideralo profundamente inxusto para as familias. A inclusión da partida nos ingresos é unha das diversas razóns para que o PP nunca apoiase as contas do exalcalde Mirás.

En Cerceda, o imposto supoñía uns ingresos non moi relevantes no conxunto do orzamento: uns 56.000 euros en 2015, 44.000 ao ano se-

guinte, 62.000 en 2017, 40.000 no 2018 e 49.000 en 2019. En 2020 e 2021 ingresan 37.000 e 25.000 euros, pese a que o imposto xa se derogou, por procedementos previos abertos pola Deputación como entidade recadadora.

Nos demais municipios, a non aplicación do imposto é incluso motivo para presumir, se ben nos máis rurais tampouco suporía unha achega importante de recursos. O alcalde de Frades, Roberto Rey, explica que no seu concello “nunca existiu” e coida que tería “só un afán recadatorio”. Na mesma liña, a súa homóloga en Trazo, Fina Suárez, asegura que son o Concello “coa carga tributaria máis baixa de toda a comarca” que nin sequera cobra por servizos administrativos como informes urbanísticos ou certificados.

Unicamente Oroso seguía cobrando o imposto, agora reformulado. Ordes, na imaxe a vista de dron, non obtén ingresos por ese tributo.

Dous métodos de cálculo a escoller

Ata agora, o imposto de plusvalía calculábase multiplicando o valor catastral polo número de anos en propiedade agregando un coeficiente de ata o 3,5%.

O novo deseño do imposto, xa aprobado polo Consello de Ministros, permite que o contribuínte escolla entre dous métodos de cálculo.

Un usará o valor catastral

do solo no momento do cambio de titularidade, pero con coeficientes novos que evitarán un imposto desproporcionado a pesar de que o valor real caese. Acata así a sentenza. O outro método determina o tributo sobre a diferenza entre o valor de compra e o da venda.

Ademais, os municipios poderán baixar un 15% o valor catastral do inmovible.



Clidenabel
Salud Bucal

Odontología general y estética
Ortodoncias
Cirugías

Prótesis sobre implantes
Cita previa
Revisión gratuita

Financiación a su medida

C/Eduardo Pondal 11, bajo. Ordes
981 680 320 - 620 822 531

CENTRO SANITARIO AUTORIZADO Nº C-15-000297



Montse Veiras

spa estética bienestar

646 286 787

Squash Milladoiro



De Perlas
peluquería



Rúa Paraíso 67. 15680 Ordes Tlf: 981 697 660

A carnicería
DE JESÚS
Selección e calidade



Rúa Compostela 3, Ordes.
981 680 060
carniceriadejesus.com
jesussp1985@gmail.com

TESTEMUÑAS DE PRIMEIRA - CONTRIBUÍNTE EN OROSO

“Este imposto é un atraco, non é xusto”

Redacción. Oroso.

En toda España o imposto de plusvalías supón máis de 2.500 millóns de euros anuais nos municipios que o cobran. A súa supresión suporía para moitos deles un problema financeiro de primeira orde. Pero non é o caso na comarca, pois nin en Oroso nin aínda menos en Cerceda equival a unha proporción elevada do orzamento.

En cambio, ese pequeno importe no conxunto do Concello adoita ser para unha familia un pau, un trago moi amargo. *Abel*, nome ficticio dunha persoa residente nunha parroquia de Oroso, tivo que pagar no seu día bastante máis de 20.000 euros de plusvalía por unha herdanza “normal, como



a dunha familia calquera”, en esencia terreos de uso agrario.

Valórao como “un atraco, un roubo”, pois non lle parece “nin xusto nin razoable”. Explica que a herdanza dos seus pais “son fincas nas que non había un incremento do valor” ao non ter construcións na maioría delas, senón o traballo

“Pagar supuxo privarnos doutras cousas, eran cartos que tiñamos aforrados”

agrario de toda a vida. “Non vexo onde haxa un lucro con esa herdanza, son bens polos que xa pagamos o IBI”, destaca.

Abel comenta que podería chegar a entender que tivese que tributar se nos terreos construíse unha nave ou montase un negocio, e “aínda iso non moito porque nos negocios hai que investir e hai que traballalos para que che dean cartos”, declara a Primeira Noticia.

Sorpresa, furia e privacións

Como contribuínte, afirma que levou unha “sorpresa moi grande” cando lle chegou a carta do imposto: “non contas con ter que pagar cantidades desorbitadas por unhas fincas cando ademais xa pagas o imposto de sucesións”, revela *Abel*.

Con todo, despois da sorpresa chegou o enfado a medida que se informou. “O que me enfurece -di *Abel*- é que sexa o único Concello en toda a redonda que ten o imposto á plusvalía ao 100%, os demais ou non o teñen ou bonificano no 95% e queda algo simbólico”.

O impacto sobre a economía familiar non foi cativo. “Supuxo ter que privarnos doutras cousas, aínda que grazas a Deus eran cartos que tiñamos aforrados, pero froito do noso traballo, ao que así non lle ves nada”, manifesta *Abel*.

E se non tivese aforros? “Pois ou pagas a prazos ou tes que pedir un préstamo” para tributar por un beneficio que non é tal, como asegura. “Cantas familias non o terían que facer!”, lamenta.

Tien21

Seguimos avanzando,
seguimos reinventándonos



Nuestras tiendas de Santiago y Ordes abren sus puertas en horario habitual

Santiago de Compostela Rúa de Montero Ríos, 36
981 585 047
695 573 839

Ordes Rúa Viriato Lamas, 3
881 981 480
618 655 793

Miele



Lavavajillas 599 €
Lavadora 699 €
Combi 699 €
Horno pirolítico 799 €

Cinco municipios terán acceso aos fondos para paliar o peche de Meirama

Redacción. Cerceda.

Cerceda, Ordes, Tordoia, Carral e A Laracha. Son os cinco Concellos que finalmente integran o Protocolo de Meirama, o instrumento co que procurarán captar fondos de transición xusta cos que paliar os efectos socioeconómicos do peche da central térmica.

A principios deste mes de novembro a Xunta asinou por fin o documento, e tamén o análogo das Pontes, como lle viñan reclamando algúns Concellos, a oposición e o goberno central desde hai meses. O goberno galego, o derradeiro autonómico en dar este paso, xustificouse na inclusión de Ferrol, aceptada polo executivo español.

O fondo está dotado, por parte da Administración Central do Estado, de 91 millóns de euros para os municipios de toda España situados en zonas afectadas pola transición enerxética.

A rehabilitación de edificios públicos para novos usos sociais ou para o fomento do emprendemento, a recuperación de espazos



naturais ou a posta en valor do patrimonio son algunhas das finalidades dos fondos.

Concorrenza competitiva

As axudas vanse canalizar a través do Instituto para a Transición Xusta, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Probablemente abra a convocatoria de proxectos no que resta de ano. Será un proceso de concorrenza competitiva, polo que as iniciativas que finalmente obteñan financiación deberán cumprir diversos criterios puntuables.

Neste sentido, nunha reunión entre o conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, e os alcaldes dos cinco Concellos do Protocolo de Meirama, a Xunta ofreceu colaboración para a presentación de proxectos e procurar que acaden a máxima puntuación posible.

Sen embargo, os gobernos autonómicos non teñen participación nos diferentes comités que avaliarán os proxectos. Conde anunciou unha alegación contra isto coa intención de ter coñecemento directo das iniciativas.

Cerceda planea alegar as bases para darlle cabida a outro tipo de proxectos

Reunión entre a Xunta e os alcaldes da zona de transición xusta de Meirama.

O alcalde de Cerceda non está conforme coas bases que determinarán a aprobación de proxectos e a asignación de fondos. Juan Manuel Rodríguez García cre que deberían ser “menos encorsetadas” e ter en conta que municipios como o seu “diversificáronse en industria e servizos, teñen que repotenciar estes sectores e para que sexa unha transición enerxética xusta ten que concebirse unha gradualidade en base aos concellos que están máis afectados, como é o caso de Cerceda”.

O rexedor anticipa que “seguramente” alegarán as bases co fin de “abrir un pouco máis as posibilidades de presentación de certos proxectos, ademais de que teñan en conta o impacto estrutural e particular no concello de Cerceda, que é o epicentro xa que a central térmica está instalada no noso municipio”, expuxo.

Materiales de construción.
Hidromasaje - Sauna.
Tarima Flotante.
Muebles de baño.
Sanitarios.
Grifería.
Mamparas.
Azulejos y pavimentos.
Cocinas y estufas.











ALMACENES BECERRA GOLAN

A Tablilla - Cerceda
C/ Principal, 36 - Rodis
T: 981 697 082
begol@begol.es

Almeiras - Culleredo
Av. Almeiras, 19
T: 981 639 542
comercialc@begol.es



**PILAR MARIÑO
ÓPTICOS**

**REVISIONES
VISUALES**

Pide cita en

981 976 317
Belvís de Paleo 2, pta. 3.
CARRAL
Nº Registro Sanitario:
E-15-001225

981 680 334
Rúa dos Lagartos 6.
ORDES
Nº Registro Sanitario:
E-15-000223

**Día
Internacional
da
Eliminación
da Violencia
contra
a
Muller**

25N



PROGRAMA

**Orgullosa
de ser
MULLER**
Comunidade de Mulleres

Contacontos con Soledad Felloza

Para o alumnado do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés
En horario escolar determinado polo centro educativo

26 **Novembro**

Contacontos con Soledad Felloza

Para o alumnado do CEIP Plurilingüe Sigüeiro
En horario escolar determinado polo centro educativo

Novembro

26

Cine As tres caídas de Antonia Santiso

FALARÁN: Roberto Alvite e Isabel Fernández Gallego

Lugar: Salón de actos do Centro Cultural Fernando Casas e Novoa

Hora: 19:00h

2 **Decembro**

**Charla informativa sobre agresións e violencia sexual
Secretaría Xeral de Igualdade e Fegamp**

Lugar: Salón de actos do Centro Cultural Fernando Casas e Novoa

Hora: 19:00h

“Ou sobe o leite en serio ou pechamos”

Redacción. Lugo.

Case nunca é unha actividade de beneficios espectaculares, senón máis ben de ‘ir tirando’. Pero de novo na última tempada o sector gandeiro volve estar sumido nunha crise que ameaza co peche a numerosas granxas, con custos de produción desaforados e prezos en orixe estancados ou á baixa.

Que custos medraron? Practicamente todos. As facturas da electricidade, un dos principais gastos fixos, chegan a duplicarse nalgunha explotación, especialmente con tarifa de tipo variable. No mellor caso, as rebaixas fiscais lograron amortiguar algo o impacto.

Os carburantes van tamén á alza, sen perspectivas de detención, e os pensos e fertilizantes soben ata o 30%, en teoría por mor da crise internacional de subministracións de materias primas no contexto da pandemia sanitaria.

Venda a perdas

Así as cousas, estiman que producir custa un promedio de 0,40 euros por litro, cando a media que se paga en orixe é de 0,32 en Galicia, principal produtora de España e en cambio a peor retribuída.

As protestas xa chegaron, coa vista posta sobre todo na industria. Na convocatoria en Lugo de AgroMuralla, colectivo creado nas



A protesta do colectivo AgroMuralla en Lugo escenificou a morte do sector leiteiro.

tractoradas de 2015, un gandeiro explicaba que “a industria só dá pequenos pasos de medio céntimo ou un céntimo, e iso é irrisorio para o que necesitamos a día de hoxe: ou hai unha suba seria ou pechamos as granxas”, afirmou.

Repartir o valor

UUAA e SLG cargan tamén contra a industria e iniciaron boicot ás marcas de CAPSA e Lactalis, ás que acusan de quedarse con case todo o que a distribución accedeu a subir no prezo final meses atrás. As compañías négano e aseguraron estar abertas ao diálogo.

No ámbito político, a Xunta

tratou de amosar comprensión. O titular de Medio Rural, José González, pediulle á industria e á distribución ser “conscientes de que o valor engadido que xera un produto como o leite ten que repartirse entre todos os elos da cadea”. Con todo, o conselleiro derivou as responsabilidades sobre posibles anomalías no mercado ao Ministerio, en concreto á Axencia de Información e Control Alimentarios.

No BNG, Xosé Luis Rivas ‘Mini’, insta á Xunta a intervir e convocar a Mesa do Leite. Valora como urxente determinar con criterios obxectivos custos de produción reais e vincularlos aos prezos.

O ministro anticipa que irán contra todo contrato que vulnere a legalidade

O ministro de Agricultura, Luis Planas, advertiulle á industria e á distribución de que deben “examinar” a situación do sector co incremento de custos e colaborar na busca de acordos de cara á renovación dos contratos de compravenda de leite.

Planas avisa de que se está tramitando no legislativo a aplicación da norma europea sobre prácticas comerciais desleais, que impedirá vender a perdas ou por debaixo dos custos de produción. O ministro sinalou que “actuarán” se se incumpra a lei.

IMPROSET gráficas TU IMPRENTA ONLINE CON LOS MEJORES PRECIOS

ESPECIAL CALENDARIOS 2022 ¡TOTALMENTE PERSONALIZADOS!
APROVECHE NUESTRO BONO DESCUENTO DEL 5% EXTRA

CÓDIGO: **CALENDARIOS2022**
A APLICAR EN EL CARRITO DE COMPRA

TRIANGULAR 21X11 CM AUTOMONTABLE: Desde 100 u. a 78 u. IVA INCL.

CAJA CD GRANDE O PEQUEÑO: Desde 20 u. a 35 u. IVA INCL.

BOLSILLO LAMINADOS: Desde 500 u. a 65 u. IVA INCL.

ESCRITORIO PLANIFICADOR A3: Desde 50 u. a 151 u. IVA INCL.

SOBREMESA 21X10,5 CM DE 13 LÁMINAS: Desde 50 u. a 99 u. IVA INCL.

HAZ TU PEDIDO EN improset.es

981 94 17 18
pedidos@improset.com

LAVANDERIAS CABALLEROS BLANCO AUTOSERVICIO

EN MENOS DE **1 HORA** LAVA Y SECA TODO TIPO DE ROPA

Lavado con **OXÍGENO ACTIVO** DESINFECTANTE

LAVE Y DESINFECTE SU ROPA AL MEJOR PRECIO

DOSIFICA AUTOMÁTICAMENTE JABÓN y SUAVIZANTE

SISTEMA ANTIARRUGAS

LAVA POR 2,70€ **SECA POR 1,80€**

C/ RAMÓN FERREIRO, 1
ORDES

A PANADERÍA DE MESÍA CONTA TAMÉN CON DESPACHOS EN SIGÜEIRO E EN SANTIAGO

A Tilleira: pan do país da máxima calidade elaborado de xeito tradicional

Non sempre é doado atopar un pan de calidade, como o tradicional de toda a vida. Unha aposta segura é a Panadería A Tilleira, en Mesía, que ten tamén despachos en Sigüeiro (Oroso) e na Praza de Abastos de Santiago. É un negocio familiar que en 86 anos non variou o sistema de traballo, fiel sempre ao uso de fariñas de máxima calidade, á elaboración con masa nai e á cocedura en forno de cantería quentado con leña. Non hai segredos, só traballo ben feito.

 Redacción. Promocións.

Terceira xeración

Roberto Sánchez Blanco rexenta a Panadería A Tilleira, en Mesía. El é a terceira xeración do negocio familiar que fundaron seus avós hai 86 anos e que continuaron seus pais. Roberto criouse entre o pan artesán cocido en forno de leña, tal como o continúan facendo hoxe en día.

Roberto leva xa nove anos incorporado a traballar na panadería e rexéntaa desde hai sete. Antes estivera traballando como repartidor de fariñas, labor que lle serviu para ver como traballan outras panaderías, observar e tomar ideas.

O certo é que el tamén tería moito que ensinarlles aos demais porque os seus primeiros recordos, desde cativo, están na panadería, axudando sempre á súa familia. Así aprendeu a amasar, preparar o fermento e elaborar o pan da maneira máis artesanal.

A calidade, prioridade máxima

Na Tilleira, que toma o nome polo lugar onde os avós de Roberto montaron a primeira panadería por existir alí unha fábrica de tellas, utilizan sempre fariñas da mellor calidade e trigo do país. Isto permite que o seu pan sexa de gran calidade e que conserve moi-



Os pans da Tilleira cócese nun forno de cantería quentado con leña.

to tempo as súas excelentes cualidades. Son pans que pesan e que se distinguen polo seu olor, tal como os describen, á vez que destacan que “para nós a calidade dos produtos é o principal, é a forma de coidarnos e de coidar a contorna”.

Proceso tradicional

O seu procedemento de traballo é absolutamente tradicional, tal cal o facían os pais ou os avós de Roberto. O seu forno é de cantería e quéntano con leña. Ao introducila, a chama percorre toda a bóveda do forno quentándoo e cando chega á temperatura óptima ‘varren o forno’. Na época dos seus avós facíase con xestas, agora modernizárono un pouco e utilizan aspiradoras industriais. Mais a esencia é a mesma.

Despois van boleando cada peza á man. Iso explica que non haxa ningunha igual a outra. E o seguinte paso é ‘botar o pan’, é dicir, introducilo no forno. Igual que antes, vaise metendo cada peza unha a unha á man.

Na Panadería A Tilleira elaboran catro tipos de pan: o pan

branco de trigo do país, o pan de centeo, o pan de millo (broa) con e sen uvas, en diversos tipos como o bolo, a torta, a chapata... Son pans como os de antes, feitos a conciencia, como o pan dos nosos avós. Non teñen aditivos nin se usan mellorantes porque non lles fai falta, só masa nai, fariñas ecolóxicas de gran calidade e a experiencia de anos e anos.

En expansión: tres despachos

A panadería está actualmente inmersa nun plan de expansión,

sempre dentro do seu nivel. Desde sempre fixeron reparto a domicilio na súa zona e agora dispoñen de tres despachos: o de Mesía; o habitual da Praza de Abastos en Santiago que abre todos os martes, xoves e sábados; e o que abriron recentemente en Sigüeiro, no número 3 da Rúa da Insua, onde atenden todas as mañás de luns a sábado.

Desde A Tilleira animan á xente a acudir a calquera dos despachos e a probar o seu produto. Levarán un pan de calidade e seguro que repiten.



Panadería
A Tilleira
Pan do país - Mesía
Telf: 626.495.776

COMARCA

O PP reclama a glorieta na saída sur da N-550 en Ordes e o acondicionamento da N-634 na Pontecarreira



As emendas presentadas polo PP aos orzamentos xerais do Estado recollen dúas demandas relativas á comarca. A máis cuantiosa é de novo a construción dunha glorieta na N-550, na saída de Ordes cara a Santiago. Reclaman 1.200.000 euros para unha infraestrutura que conectaría a ronda leste coa futura ronda oeste, planificada para ir desde a contorna da piscina climatizada ata O Balado, evitando a vila. En Frades, a solicitude é de 350.000 euros para acondicionar a antiga N-634 ao seu paso pola Pontecarreira. No conxunto da provincia, o PP presentou emendas por valor de 389 millóns.

CERCEDA

Rodríguez suxire o posible desdoble da estrada AC-523

Redacción. Cerceda.

A estrada AC-523, de relevancia para as comunicacións de Cerceda e da Laracha, soporta tal cantidade de tráfico que habería que avaliar “posibles desdoblamentos”. Esta tese formulouna o alcalde de Cerceda, Juan Manuel Rodríguez, na visita ao remate das obras de mellora do firme, á que tamén acudiu o delegado provincial da Xunta, Gonzalo Trenor, e varios concelleiros.

As obras, iniciadas pola Xunta o pasado abril, consistiron no fresado dos treitos máis deteriorados, repoiñendo o firme con 5 centímetros de espesor, ademais da nova capa de rodadura en todo o vial.



Visita do delegado da Xunta ao remate da reposición do firme na AC-523.

O rexedor valorou o resultado dos traballos e situou o desdoblamento como un futuro.

O que Rodríguez si quere asegurar xa son os “compromisos

pendentes” no ámbito de infraestruturas da Xunta en Cerceda. Entre eles, mencionou o arranxo da estrada da Areosa mediante o traballo de varias administracións.

CERCEDA

A Xunta licita a senda na AC-413

A Xunta sacou a concurso por 120.000 euros as obras para construír unha senda peonil na Tablilla, durante 400 metros de longo na marxe esquerda da AC-413.

A infraestrutura terá dous metros de ancho. Estará separada da estrada por un bordo para contar con maior seguridade.

As empresas interesadas poden presentar propostas ata o 9 de decembro, segundo a licitación publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

Xa se levantaron as actas previas á ocupación do único predio preciso para acometer os traballos. Para o vindeiro 24 de xaneiro está prevista a formalización de actas e o pagamento dos depósitos previos.

CERCEDA

Beirarrúas na Abelleira



O Concello de Cerceda está construíndo beirarrúas na travesía da Abelleira. É un tramo de 260 metros de longo valorado nuns 37.500 euros, que se financian co Plan Único da Deputación.

Como traballos previos, canalízanse as augas pluviais mediante

un sistema con sete arquetas con sumidoiro e sete pozos de recollida. Tamén se habilitou a conducción para iluminación pública.

O alcalde, Juan Manuel Rodríguez, enmarca o proxecto na mellora xeral de infraestruturas que di procurar.

O tramo terá 260 metros de longo.

COMARCA

Esparexedor de sal compartido

Os Concellos de Ordes e de Frades compartirán un esparexedor de sal para facilitar a circulación nas estradas locais en circunstancias de baixas temperaturas.

O equipo foi concedido á agrupación dos dous municipios pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, nunha resolución destinada a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións. Está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A Administración autonómica xustifica a adxudicación no fin de promover a adaptación á emerxencia climática e de previr e xestionar os riscos específicos.

Cerceda destinará 568.000 euros a unir A Silva e A Tablilla cunha senda peonil

Redacción. Cerceda.

Unha senda peonil e ciclable unirá os núcleos da Silva e da Tablilla, en Cerceda. O proxecto está valorado en máis de 568.000 euros, segundo o Concello, e contará cunha subvención do 80% desde o Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE), dependente do goberno central.

Os 2.935 metros de percorrido da futura infraestrutura planeanse na marxe esquerda da estrada autonómica AC-413. A senda terá unha anchura de dous metros. Entre ela e a estrada instalarán unha rígola de formigón para conducir as augas de escorrentía.

A base do seu pavimento será de saburra, rematada en formigón de cor ocre. Haberá rede de au-

gas pluviais e tamén se colocarán as canalizacións para unha futura liña de iluminación pública.

Como elementos singulares incorporados ao proxecto presentado polo Concello, destacan unha pasarela peonil de madeira con ramplas de acceso e varandas de accesibilidade, así como 25 bancos de pedra.

Seguridade e saúde

O alcalde, Juan Manuel Rodríguez, considera que a senda “incrementará as condicións de seguridade da nosa veciñanza”, ademais de favorecer hábitos de vida máis saudables. Sinala que vai na liña varios itinerarios semellantes xa acondicionados e outros que se están executando en datas recentes ou en proxecto.



Unha das sendas para peóns e ciclistas que traballa o Concello de Cerceda nas últimas semanas.

Entre as sendas que entraron hai pouco en uso ou aínda están en execución figuran as de Ribasoutas, San Vicenzo, do consultorio da Silva ata Gosende, ou a do Acevedo ao Pao do Lobo. Todas elas dispoñen de fondos do IDAE.

Con cargo a un plan da Deputación, o Concello tamén acometeu sendas peonís e intervencións semellantes no Toural e na Albarada. Todo o investimento xa executado ou case rematado supera os 700.000 euros en sendas peonís. A eles hai que sumar os 568.000 do novo proxecto.

E aínda sen contratar pero encamiñadas, o goberno de Cerceda remarca tamén unha senda entre A Vila e Cobeláns e a que conducirá ata a estación de tren de Cerceda-Meirama.

Frades planea renovar a vella potabilizadora da Pontecarreira

Redacción. Frades.

O goberno de Frades reconece que a potabilizadora de auga que ten na Pontecarreira non dá para máis. Ten que funcionar as 24 horas para atender toda a demanda e ese uso constante, xunto co paso do tempo, fixo necesario pensar na renovación do equipamento.

Para iso, o alcalde, Roberto Rey, presentou un proxecto ante a Xunta valorado en 202.000 euros. A pretensión é que se financie entre as dúas Administracións, mediante un convenio que obrigaría á Consellería de Infraestruturas a pagar o 80% e ao Concello o 20% restante. De momento, o proxecto está sendo revisado polo persoal técnico de Augas de Galicia.

A nova estación depuradora estaría situada a carón da actual, non moi lonxe do centro da Pon-



A actual planta está sobrepasada.

tecarreira. Sería de tipo compacto e de aceiro inoxidable. Para que funcione correctamente, prevén renovar ademais os grupos de bombeo da auga bruta e acondicionar tanto os tanques nos que se deposita como os que almacenan

o líquido xa tratado. Tamén se contempla reformar a instalación eléctrica. Os traballos, segundo o cálculo do proxecto técnico, precisarían catro meses para a súa completa execución.


Instalación ao límite

A actual potabilizadora ten capacidade para tratar ata 432 metros cúbicos de auga cada día. Segundo o goberno municipal está procesando 404, polo que está practicamente no límite do seu rendemento.

A auga chégalle desde o río Tambre polo seu propio peso, mediante tubaxes. Unha vez tratada para o consumo é bombeada, a un ritmo máximo de 40 metros cúbicos por hora, ata o depósito en Gafoi. A extensión da rede de abastecemento nos últimos anos fixo incrementar a demanda.

OROSO

Acondicionan as vías de servizo da estrada nacional ao seu paso polo municipio



As vías de servizo e as pistas de acceso da N-550 están sendo acondicionadas en Oroso desde hai uns días. Os traballos consisten fundamentalmente na limpeza de cunetas e na renovación do firme. O primeiro tramo que se rematou foi o comprendido entre Sigüeiro e a parroquia de Oroso, seguido da zona de Trasmonte. A intención é traballar paulatinamente nas demais vías. O goberno de Oroso asegura que esta intervención “deriva” da petición que o alcalde, Luis Rey, e o concelleiro Antonio Leira lle trasladaron nunha reunión recente ao delegado do Goberno en Galicia, José Miñones.

Vilasenín reclama os xiros á esquerda

Redacción. Ordes.

As obras efectuadas pola Xunta o pasado verán na estrada AC-409 (de Ordes a Cerceda por Mercurín) deixaron un efecto indeseado para a poboación da aldea de Vilasenín, en Leira (Ordes).

A nova sinalización horizontal impide xirar á esquerda para incorporarse á estrada autonómica desde algunhas vivendas, desde varias fincas agrícolas ou desde a saída principal do núcleo.

A medida xustifícase en que é un tramo con varias curvas próximas, con antecedentes de sinistros, e no que a velocidade permitida é de 90 km/h. Pero ten como

contrapartida que a veciñanza tivo que buscar rutas alternativas para desprazarse ou dar rodeos para poñerse no sentido da marcha que necesita, algo especialmente tedioso con maquinaria agrícola.

Reducir a velocidade

As queixas non tardaron en chegar. As persoas afectadas reclaman que se recupere a sinalización que había antes das obras. A nivel político, tanto o goberno municipal como o grupo do BNG fixéronse eco da reivindicación.

A Alcaldía solicitoulle un informe á Policía Local, que o Concello xa remitiu á Axencia Galega de Infraestruturas, no que se propón



Determinados xiros quedaron prohibidos desde as pistas (foto: informe da Policía Local).

rebaixar o límite de velocidade de 90 a 70 km/h. Isto aumentaría a seguridade na circulación e permitiría recuperar os xiros prohibidos "sempre e cando se realicen en condicións de total seguridade", tal como indican desde o Concello.

O BNG, que recolleu unha vin-

tena de sinaturas, tamén defende que se poden compatibilizar os xiros e a seguridade reducindo o tope de velocidade. Os nacionalistas pensan que non ten sentido que na recta de Virís estea a 70 km/h e nos núcleos de Vilasenín e da Bailía se sitúe en 90 km/h.

A importancia vital de facerse ver na estrada



A campaña pretende concienciar na obriga de utilizar chaleco reflector.

A asociación sen ánimo de lucro *STOP Accidentes*, coa colaboración da Garda Civil de Tráfico e da Xunta, desenvolve durante novembro e decembro a campaña *Móvete seguro*, que pretende concienciar as persoas que se moven a pé sobre os riscos que corren e a necesidade de facerse ver nos seus desprazamentos.

Os chalecos reflectores, achegados pola Administración autonómica e repartidos por axentes de Tráfico, son o elemento central

da campaña. Estímase que utilízalos fai que quen conduza un coche perciba a presenza do peón a 150 metros, fronte aos 20 metros se non o leva. Iso implica por tanto maior marxe de reacción.

A iniciativa, que se presentou en Ordes, fai fincapé en que os chalecos son obrigatorios. Non levarlos pode supoñer para os peóns unha sanción de 80 euros e para os condutores de 200 euros e a retirada de tres puntos do carné en caso de baixar do vehículo sen el.

Acondicionan a senda entre Sigüeiro e Gándara

O Concello de Oroso acometeu diversos traballos de mellora na senda peonil de quilómetro e medio que comunica a capital, Sigüeiro, coa parroquia da Gándara.

Unha das tarefas máis destacadas foi a colocación de herba artificial na zona de separación coa estrada. Tamén se limpou todo o percorrido, moi usado pola veciñanza dos distintos núcleos. Se-

gundo o goberno, estas accións aumentan a seguridade nos desprazamentos a pé.

O concelleiro de Turismo, Antonio Leira, explica que os traballos súmense á recente posta en servizo da senda desde Oroso Pequeno ata o parque do Carboeiro, moi usada por residentes pero tamén por peregrinos ao formar parte do Camiño Inglés.



Os principais traballos foron a colocación de herba artificial e a limpeza do percorrido.

Contratada a reforma de Mediodía e González Faya

Redacción. Ordes.

As obras que remodelarán as rúas Mediodía e Víctor González Faya, en Ordes, foron contratadas por case 306.000 euros. Está previsto que comecen antes de que acabe o outono e prolongaranse seis meses como moito.

Da adxudicación encargouse a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que financia o 70% do custo. O 30% restante achégao o Concello, de acordo cun convenio de colaboración asinado entre as dúas administracións.

Cambios no tráfico

A reforma deseñouse co propósito de gañar máis espazo para as persoas e eliminar barreiras arquitectónicas. Iso implicará cam-



A rúa Mediodía suprimirá o aparcadoiro do lado esquerdo subindo ao Recreo.

bios relevantes para a circulación rodada e para estacionar na zona.

Na rúa Mediodía eliminarán o aparcadoiro da marxe dereita subindo cara ao Recreo. Así as beirarrúas poderán chegar aos dous metros de ancho, como a marxe para aparcarse na esquerda, e os

dous carrís de circulación serán de tres metros. En González Faya só quedará un sentido de circulación, do Recreo cara ao Mediodía. Ademais das beirarrúas, o carril de circulación e un aparcadoiro lateral, a rúa disporá dun carril bici de dous metros e medio de ancho.

CERCEDA

O Concello prepara o plan para reducir un 40% a emisión de dióxido de carbono

O Concello de Cerceda comezou a preparar o seu Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES), que concreta propósitos ambientais como reducir polo menos un 40% as súas emisións de dióxido de carbono, cotexando con 2015.

Entre os cometidos máis destacables figuran baixar o consumo de enerxía no municipio, eléctrico e de combustibles fósiles, en especial o gasóleo A, ademais de implantar máis enerxías renovables.

A elaboración do PACES conta cunha axuda autonómica. Nos últimos meses traballaron en preparar un Inventario de Emisións de Referencia e nunha avaliación dos riscos e das vulnerabilidades derivados do cambio climático. Xa teñen os primeiros resultados, que permiten identificar as principais accións do plan.

A iniciativa é froito da adhesión do Concello ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía. Un acordo lanzado desde Europa ao que desde 2008 se foron sumando máis de 10.000 autoridades locais de preto de sesenta países de todo o mundo. En Galicia está coordinado pola Xunta.



ACTIVIDADES DE NADAL 2021

Información e inscricións:
981 695 567
www.frades.gal

Colaboran:


XUNTA DE GALICIA

Deputación DA CORUÑA

 12 DEC	<p style="margin: 0;">MERCADO DE ARTESANÍA</p> <p style="margin: 0;">Praza de Ponte Carreira, de 10:00 a 20:00 horas. Haberá postos de artesanía local e da comarca onde mercar os agasallos de Nadal máis orixinais e feitos a man. Acceso libre.</p>	 20 DEC	<p style="margin: 0;">PAPÁ NOEL E PAXES REAIS</p> <p style="margin: 0;">Papá Noel e o seu elfo visitan os nenos/as de Preescolar na casa e "Casas Niño". O Carteiro Real repartirá lambonadas ao alumnado de Infantil e Primaria do CPI Ponte Carreira e recollerá as súas cartas para os Reis Magos.</p>
 22 DEC	<p style="margin: 0;">CAMPAMENTO DE NADAL</p> <p style="margin: 0;">Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, en horario de 9:30 a 13:30 horas, durante as vacacións escolares. Dirixido a nenos e nenas en idade escolar. Grupos reducidos en instalacións municipais. Desconto do 50% a familias numerosas. Anotacións no Concello de Frades.</p>	 28 DEC	<p style="margin: 0;">XUVENLUGO</p> <p style="margin: 0;">Visita familiar ao parque de atraccións lucense con inchables, obradoiros, tirolina, paintball, karting... Saída da Casa do Concello ás 15:00 h. Prezo: 6 € empadroad@s e 9 € non empadroad@s. Inscricións no Concello de Frades.</p>
 30 DEC	<p style="margin: 0;">FESTA DE NADAL</p> <p style="margin: 0;">Festa de Nadal no Multiúsos de Frades con obradoiro de Nadal, merenda, lambonadas e moitas sorpresas. Actuación do mago Dani Polo: "Enmaxiarte". De balde. Inscricións no Concello de Frades.</p>	 31 DEC	<p style="margin: 0;">ANDAINA ASOTRAME</p> <p style="margin: 0;">Andaina solidaria coa Asociación Galega de Afectados de Transplantes Medulares. O recadado destinarase a proxectos de investigación e servizos que melloren a calidade de vida dos pacientes e das súas familias.</p>
 4 XAN	<p style="margin: 0;">PATINAXE E NOVA JUMP</p> <p style="margin: 0;">Visita dos nenos e nenas a Área Central (Santiago) para desfrutar de patinaxe sobre xeo e dun parque de saltos de 2.440 m² con camas elásticas, fosos de escuma... Inscricións no Concello de Frades.</p>	 5 XAN	<p style="margin: 0;">CABALGATA E FESTA DE REIS</p> <p style="margin: 0;">Saída da cabalgata ás 17:00 h na praza de Ponte Carreira e Festa de Reis no polideportivo municipal. Con mascotas, lambetadas e cumprindo os requisitos contra a Covid. Anotacións no Concello de Frades.</p>

As actividades realizaranse sempre que non empeoren as condicións sanitarias pola Covid-19. Infórmate en www.frades.gal

MESÍA

Continuidade no funcionamento do grupo de atención a emerxencias



O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) con base en Curtis, que na comarca ordense presta servizo en Mesía, garante a súa continuidade de co apoio da Xunta para equipamentos.

O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, explicou nunha visita a Curtis que a Xunta destinou 58.400 euros a material, ao que hai que sumar que financia máis da metade do seu custo.

Entre o material cedido, destacan un detector de gases, dous furgóns, un remolque de emerxencias, unha embarcación, un equipo de protección fronte a vespa velutina e un desfibrilador.

OROSO

Debate sobre a seguridade

Redacción. Oroso.

A seguridade cidadá centra o debate político en Oroso nas últimas semanas. O goberno municipal anunciou medidas de reforzo policial e defende que é un lugar “moi seguro”. O PP, que obrigou a convocar un Pleno sobre a cuestión, reclama melloras e apunta que é unha preocupación social.

O executivo de Luis Rey enunciou datos da Delegación do Goberno. O índice de criminalidade é de 17 infraccións penais cada 100.000 habitantes, cando a media galega ronda as 30 e a española as 39. Por iso, din que Oroso está nas mellores posicións de Galicia.

Con todo, o Concello activou novas medidas como patrullas nocturnas da Policía Local na fin de semana contra os botellóns. O alcalde anunciou no Pleno que se manterán e lembrou o compromi-



Desde a esquerda: José Miñones, Luis Rey e Antonio Leira.

so nun encontro co delegado do Goberno, José Miñones, para reforzar a presenza policial.

O PP, pola súa parte, lamentou que o goberno de PSOE e BNG se abstivese ante a súa proposta, presentada tras varios roubos en garaxes comunitarios e vivendas que, segundo afirma, non hai da-

tos que os neguen. Pedían máis efectivos da Garda Civil na zona, que se cubra a praza de Policía Local pendente e crear a Xunta Local de Seguridade. O portavoz do PP, Alexander Doval, explicou que era unha “moción laxa que non vai en contra de ninguén e si a favor de todos os veciños”.

ORDES

O profesional Luís Míguez, servizo técnico oficial para novas marcas de alta relojería en toda a UE

O obradoiro *Luis Míguez Relojeros*, de Ordes, converteuse a principios deste 2021 no único centro de servizo técnico oficial en España da marca de luxo *Graham*. Desde setembro é ademais o único servizo oficial da Unión Europea para os emblemas de alta gama *Anónimo* e *Vulcain*. A empresa, con máis de 25 anos de experiencia na reparación e restauración, traballaba xa con marcas como *Rolex*, *Cartier*, *Omega*, *Longines* ou *Tissot*, ao dispoñer das certificacións e cualificacións precisas.

Este ano estreou instalacións para perfeccionar aínda máis a súa atención ao cliente e a excelencia que caracteriza o seu traballo. As dependencias están formadas por cinco áreas estanco: laboratorio de montaxe de acceso restrinxido e con máquinas de primeira, zona de restauración estética, zona de limpeza externa, área de control e verificación na que os reloxos permanecen unha semana ata a súa expedición, e área de administración. Ademais, habilitou un pequeno museo na zona de atención ao cliente. Todos os detalles, na súa completa web.

ORDES

Accidente na rúa das Campeiras

Un percance de circulación na rúa das Campeiras, en Ordes, rematou con destrozos na parede exterior dun baixo e no propio vehículo implicado, que quedou moi deteriorado sobre todo na súa parte dianteira. Ata onde trascendeu, por fortuna non houbo danos persoais de relevancia.

Sucedeu en horario nocturno na fin de semana do 6 de novembro. Por algunha razón -descoñécese se unha indisposición, un despiste, unha causa mecánica ou outra circunstancia de quen conducía ou da vía- o vehículo botouse fóra, atravesou a beirarrúa e levou por diante a parede do local. Tamén desbaratou por completo a porta de acceso á obra.



O coche atravesou a beirarrúa e levou por diante a parede exterior dun baixo.

MESÍA

Verea restaura con éxito a súa antiga canteira

Redacción. Mesía.

A empresa cerámica *Tejas Verea*, con sede en Mesía, rematou con éxito a restauración ambiental da súa antiga canteira. O lugar do que durante un cuarto de século extraeu material é hoxe un humidal cun rico ecosistema propio.

Así o puideron comprobar as oitenta persoas que participaron nunha xornada de portas abertas da empresa. O proceso promoveu a biodiversidade de especies e destaca por reutilizar tellas sobran-tes nunha zona de solo, que serve como recheo inerte da canteira.

A xornada celebrouse co gullo do Día Internacional contra o Cambio Climático. Verea destaca desde hai anos por aplicar diversas medidas para reducir o impacto ambiental da súa actividade e cumprir os obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU.

Solidariedade

As persoas que participaron na visita, de Mesía e doutros municipios da contorna, entregaron como 'entrada solidaria' cadanseu quilo para o programa de alimentos do Concello. O alcalde recolleu e agradeceu a doazón.



A antiga canteira é agora un humidal. Como material inerte de recheo aproveitaronse tellas sobran-tes.



Entrega de alimentos recollidos na xornada de portas abertas para o programa do Concello.

PROGRAMACIÓN CULTURAL DECEMBRO CONCELLO DE CERCEDA



Contos de nenas grandes e pequenas
A tropa de trapo
Domingo 5 decembro
18:00 horas



Anecdoloxía
Oswaldo Digón
Domingo 19 decembro
19 horas

TODAS AS ACTUACIÓNS REALIZARANSE NO AUDITORIO MUNICIPAL DE CERCEDA



Contos para derreter cera
Alba Grande
Venres 10 decembro
17:30 horas



A tartaruga Manola
A Laberca
Domingo 19 decembro
18:00 horas



VISITA DE PAPÁ NOEL
21 DECEMBRO
Colexios
Escola Infantil
Centro de día

INSCRIPCIÓN:
981 68 50 01

PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS NO CONCELLO DE CERCEDA



MESÍA

O concelleiro do PP pide ter oficina dentro do Concello

O único concelleiro do PP en Mesía, Javier López, solicitou que se lle facilite un local nas dependencias do Concello. Faino vendo que o goberno local si atendeu unha petición semellante da concelleira do BNG. Ao PP parécelle “discriminatorio” non dispoñer aínda de sitio e presentou unha queixa na Valedora do Pobo, en trámite. O executivo teríalle ofrecido compartir espazo co Bloque, ir á Casa da Cultura ou a algún centro social, pero López quere “local ou oficina” propio no Concello.

ORDES

Limpeza na parcela municipal do polígono de Merelle

O alcalde de Ordes, José Luis Martínez Sanjurjo, anticipou a limpeza dunha parcela municipal no polígono de Merelle na que se viña acumulando maleza e restos de podas. O portavoz do BNG, Pablo Vidal, reprochaba que o Concello non dese exemplo na prevención de incendios.

ORDES

Estoupidos semellantes a disparos en varias noites consecutivas sementaron a preocupación na veciñanza

Diversos estoupidos semellantes a disparos, preto da medianoite e en varias xornadas consecutivas na segunda quincena de outubro, ocasionaron preocupación e molestias entre a veciñanza das rúas de Ordes máis próximas á dos Lagartos e a súa prolongación cara á antiga fábrica de Viriato.

A preocupación era moi lóxica porque a ninguén lle gusta pensar que se poida estar producindo un tiroteo en plena rúa a escasos metros da súa casa. A molestia veu despois, cando se confirmou que non eran tiros pero en todo caso era un ruído excesivo en horas de durmir.

A Policía Local confirmoulle a Primeira Noticia nun primeiro momento que podería tratarse de petardos lanzados por alguén ou mesmo dalgún aparato colocado coa pretensión de escorrentar fauna salvaxe. Esta última hipótese descartouse.

A mera publicación dos feitos, cun vídeo no que se escoita unha das explosións e o fume que producen, así como o anuncio de vixilancia, semellan ter disuadido á persoa ou persoas responsables dos rúidos, que cesaron.

OROSO

Rey comeza en Trasmonte unha xira polas parroquias

 Redacción. Oroso.

O goberno de Oroso, que encabeza Luis Rey Villaverde, iniciou en Trasmonte unha serie de xuntanzas veciñais por todas as parroquias co propósito manifesto de “coñecer de primeira man as principais demandas e inquedanzas” da xente de cada zona.

Nesta primeira cita da xira houbo “un ambiente de absoluta cordialidade”, apreza o executivo local, que tamén afirma que “tomou nota das peticións dos veciños para estudalas e atendelas o antes posible”.

Nos vindeiros meses, segundo o Concello, íranse sucedendo máis encontros deste tipo, tanto nas di-



Encontro de integrantes do goberno de Oroso con veciñanza de Trasmonte.

versas parroquias como tamén con entidades do tecido asociativo co que conta o municipio.

Despacho aberto

Sen prexuízo do que recolla nestas xuntanzas que valora como

“positivas” para a súa intención de estar en “contacto permanente” coa veciñanza, o alcalde precisa que tamén “as portas do meu despacho están abertas para calquera veciño ou veciña, eu no Concello recibo a quen o pida”.

Detidos por estafar 770 euros con tarxetas extraviadas

 Redacción. Ordes.

O aumento de delitos a través de internet, que levou á Garda Civil a potenciar unidades específicas, déixase notar tamén na comarca, con dúas estafas denunciadas en Ordes nas últimas semanas. Por fortuna, as dúas resoltas cos seus responsables localizados, investigados e detidos.

Por unha parte, a Garda Civil detivo dous homes, un veciño da cidade da Coruña e outro do municipio de Culleredo, como supostos autores dun cibercrimen de estafa e outro de apropiación indebida denunciados no cuartel de Ordes.

A vítima dos feitos explicou que perdera a súa carteira con documentación e tarxetas do banco. Xa ese mesmo día alguén usou as tarxetas para efectuar diversas



Feitos denunciados en Ordes e detidos da Coruña e de Culleredo.

compras a través de internet. En total cargáronlle 770 euros.

Tarxeta activa

Os axentes, pertencentes ao denominado ‘equipo @’ da Comandancia da Garda Civil na Coruña, investigaron os feitos para determinar a súa veracidade. Despois puideron identificar os autores. As indagacións comprobaron que fixeran as compras na web aproveitando que a tarxeta bancaria aínda estaba activa e que ademais

tiñan a documentación da vítima.

Tanto os dous individuos detidos como a información das actuacións realizadas na operación, bautizada como ‘Cerca’, foron postas á disposición do xulgado de garda de Ordes por parte da Garda Civil.

Venda dun contedor

Por outra parte, tamén se abriron investigacións sobre dúas persoas por delito de estafa a raíz doutra denuncia presentada en Ordes. O responsable dunha empresa contactou cos supostos vendedores dun contedor por internet por importe de 3.310 euros. Pagounos pero aos poucos días pedíronlle máis diñeiro para aranceis, o que fixo que a vítima desconfiase e denunciase. Os presuntos delincuentes son de Mieres e de Sant Cugat de Sesgarrigues.

Unha campaña anima ás empresas a innovar

Redacción. Ordes.

Ordes formou parte do itinerario da campaña *Camiño da Innovación*, coa que a Xunta trata de animar ás pequenas e medianas empresas a innovar para gañar competitividade e poder conquistar novos mercados.

A directora da Axencia Galega da Innovación (Gain), Patricia Argerey, remarcou que innovar supón para as empresas maior capacidade de diferenciarse, achegar valor, adaptarse á contorna e medrar. E ademais precisou que “non é só cousa das grandes empresas, senón que está ao alcance de todas, con independencia do seu tamaño, localización ou sector”.

Nas paradas desta campaña ofrécense asesoramento personali-



A iniciativa percorre Galicia ofrecendo asesoramento ás empresas.

zado ás empresas por parte de persoal técnico da axencia. Ademais, expóñense casos de éxito internacional. No caso de Ordes, foron *Fachadas del Norte*, que destaca por

elaborar sistemas de ancoraxe e fixación para fachadas ventiladas, e *TMC Cancela*, que diseña e fabrica maquinaria agrícola, forestal e hidráulica de prestixio mundial.

FRADES

Concederán axudas de 400 euros á natalidade e bonos de taxi para servizos sanitarios

O Concello de Frades concederá a partir de 2022 400 euros por nacemento, adopción ou acollida de criaturas. Será para familias que leven como mínimo un ano empadroadas e que permanezan polo menos outros dous. A medida foi aprobada en Pleno cos votos a favor do PP e do PSOE. O BNG abstívose porque prefería que a contía se determinase segundo a situación económica de cada familia.

Por outra parte, apróbase por unanimidade un bono de taxi para desprazamentos de atención sanitaria. A partir de 2022, poderán acceder a esta axuda persoas maiores de 65 anos, cunha discapacidade do 65%, persoas dependentes (graos II e III) que non teñan vehículo ou non poidan usalo e non estean obrigadas a empregar un transporte adaptado. Para obtelas, os ingresos tampouco poderán superar o 80% do IPREM.

O alcalde, Roberto Rey, afirmou que estas dúas axudas teñen como fin “favorecer que a xente quede no rural, por unha banda apoiando ás familias e fomentando a natalidade, e por outra facilitando a mobilidade dos nosos maiores”.

O exalcalde de Oroso toma posesión do escano de senador



Promesa da Constitución Española coa que Mirás se converteu en senador.

Redacción. Madrid.

Manuel Mirás Franqueira, alcalde de Oroso ata o pasado mes de maio, xa é senador. Tomou posesión do seu escano o 16 de novembro, a poucos días de cumprir

66 anos, este luns 22. Releva ao betanceiro Antonio Vázquez, que renunciou tempo atrás ao posto.

O acto de toma de posesión axustouse ao protocolo habitual. O presidente da Cámara Alta, Ander Gil, reclamou a presenza de Mirás

ao inicio da sesión. Ante un exemplar da Constitución, tomoulle a declaración de acatamento. Mirás optou pola fórmula da promesa.

Unha vez incorporado nas bancadas do grupo socialista no hemiciclo, na súa primeira sesión xa puido presenciar un dos controis ao Goberno, con participación do presidente Pedro Sánchez. Foros habitualmente tensos polos tempos de polarización que vive a política española.

Mirás concorrera como suplente na papeleta do PSOE ao Senado nas eleccións de novembro de 2019. Esa presenza xa se interpretara en círculos políticos como unha posible saída da política local, na que levaba desde 1983. Foi alcalde de 1991 a 1993 e desde 2001 ata 2021. Segue sendo secretario de Política Municipal na agrupación provincial do PSOE.

MULTIÓPTICAS
Ordes

MONTURAS
DE MARCA
DESDE 59€

15% ADICIONAL
EN TODAS LAS
PROMOCIONES

BLACK FRIDAY

DEL 25 AL 29 DE NOVIEMBRE

Se ruega cita previa

📞 981 685 045

C/Recreo 9. Ordes.

ÓPTICO OPTOMETRISTA COLEGIADO 20406

COMARCA

Andaina PSM promove entre a poboación a prevención de condutas suicidas

A asociación Andaina Pro Saúde Mental actuou nas comarcas de Ordes e Ulla-Sar un programa integral para a mellora na detección e intervención en risco de suicidio.

A iniciativa, con financiación da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus cometidos principais a información e a sensibilización social sobre a prevención da conduta suicida.

O primeiro paso é contribuír a facer visible a problemática, ofrecéndolle á sociedade información e ferramentas para a súa abordaxe. Contrarrestar o tabús asociado ao suicidio, ofrecer datos sobre a súa incidencia, desmontar os mitos e prexuízos sobre o tema, informar sobre os sinais de alarma ou ofrecer recomendacións sobre un acompañamento emocional axeitado son algunhas das accións da campaña.

Cunha mesa informativa en servizos sociais e en centros de saúde dos diferentes municipios, Andaina PSM orienta aos servizos existentes en caso de risco e fai reflexionar sobre a urxencia de deseñar e implementar plans de prevención.

En decembro a campaña estará o día 1 no Centro de Saúde de Cerceda, en Servizos Sociais de Pontecesures o día 2, e en Servizos Sociais e Centro de Saúde de Rianxo o día 15, sempre en horario de mañá. A entidade ten previstas tamén charlas informativas dirixidas á poboación xeral.

TORDOIA

Un transporte especial accidéntase en Andoio

O convoi carrexaba tres vigas de enormes dimensións con destino a unha nave en construción en Ledoño.

Un transporte especial de tres estruturas de formigón de cincuenta metros cada unha, con destino á construción dunha nave en Ledoño, viuse frustrado na parroquia de Andoio (Tordoia).

A iso das dez da mañá do luns 8 de novembro, un fallo na dirección do tren de cola fixo que o apoio se torcese ao entrar na recta

da AC-400. A plataforma traseira enforcou e a carga foise ao chan. Neste sinistro non houbo danos persoais.

Foi preciso partir as vigas en anacos para poder apartalas ao lateral do viario e así deixar de afectar ao tráfico. Esa tarefa efectuouse na mesma xornada.

Ao día seguinte utilizouse un

guindastre para a retirada definitiva do material. Pero o seu operario sufriu un infarto e tivo que acudir o helicóptero do 061 para auxiliálo. Pola tarde un novo profesional asumiu a tarefa.

Durante os dous días, a Policía Local de Tordoia regulou o tráfico para garantir a maior fluidez posible e a seguridade circulatoria.



RAFRA: asesoría de empresas, particulares e correduría de seguros; INFORMÁMOSLLE que debido ao COVID-19, en RAFRA tomamos todas as precaucións sanitarias. Por elo, evite, na medida do posible, as visitas presenciais e utilice o Tf. 981688900 ou o correo, info@rafra.com

RAFRA, a túa marca

CAMIÑO REAL, 11 BAIXO – SIGÜEIRO 981.688.916 981.688.917

Séguenos en [f](https://www.facebook.com/rafra.com) [t](https://www.twitter.com/rafra.com) rafra.com info@rafra.com



ENTREVISTA A SILVIA MARÍN PEREIRO, VECIÑA DE ORDES

“En Unión por Ordes foise perdendo a ilusión que tiñamos ao principio”

De 2007 a 2015, Silvia Marín Pereiro foi unha das persoas con máis poder e influencia en Ordes. Como tenente de alcalde e portavoz do goberno municipal de Manuel Regos, daba a impresión de marcar moitas das pautas de actuación, con firmeza e audacia. Hoxe en cambio está un tanto á marxe da vida pública. Abandonou a defunta UxO e colabora co PSOE desde hai uns anos. Mantén unha elegancia verbal que aconsella ler pasaxes desta entrevista cunha atención adicional.

Redacción. Ordes.

- Con que distancia observa a día de hoxe a política ordenese? Moi de cerca pero con discreción, só como unha espectadora máis...?

- Como unha veciña máis, con interese polo que acontece no Concello.

- Foi vostede unha figura moi destacada de Unión por Ordes e do goberno de Manuel Regos. O partido político disolveuse o pasado verán por decisión do seu fundador. Como interpreta este feito? Que pasou para que unha formación cun considerable éxito electoral se evaporase en poucos anos?

- Unión por Ordes naceu como un proxecto ilusionante, no que un grupo de persoas de distintas ideoloxías compartiamos un obxectivo común: intentar nese momento facer de Ordes un concello mellor. No 2015 perdemos as eleccións, por moi poucos vo-

que Manuel Regos decidiu disolver o partido porque, entre outras cousas, eu xa non pertencía ao mesmo.

- E por que decidiu abandonar UxO no seu día?

- O BNG puxo como condición para sentarse a falar co noso grupo, entre outras, a miña dimisión. Nós comprometémonos publicamente a dar ese paso e así o fixen. Coincidiu tamén nun momento no que non estaba de acordo coa dinámica de traballo que tiñamos dende a oposición, nin con determinadas decisións. Non foi fácil, pero na política ao igual que na vida, hai que saber parar e cando facelo tamén.

- Cando foi a última vez que falou co exalcalde?

- Ultimamente non teño demasiado tempo para cousas que non sexan o meu traballo de mestra e nai, tarefas coas que estou encantada e que me permiten intentar recuperar tempo perdido.

- Na campaña electoral das



Marín Pereiro descarta un hipotético retorno á primeira liña electoral en 2023.

- Estaría en condicións de retornar á primeira liña política de cara aos comicios de 2023?

- Non.

- Considera que na sociedade ordense hai xente con talento que está á marxe da política? Cre que debería involucrarse máis e participar?

- É importante que a xente se involucre na política e participe dela de maneira activa. En Ordes hai xente moi válida que seguro tería moito que aportar. O fácil é xulgar dende fóra, pero non hai como involucrarse en algo para saber o difícil que resulta contentar a toda a cidadanía.

- Como valora a xestión do actual alcalde e do grupo do PP?

- Ter maioría absoluta como ten este goberno na actualidade permite ter a posibilidade de desenvolver o proxecto co que se presentou ás eleccións municipais de 2019. Tamén é certo que estes últimos anos foron difíciles para todas e todos por mor da pandemia, o que seguramente obrigou

a tomar medidas e decisións para as que ninguén estaba preparado. En todo caso, no 2023 as veciñas e veciños de Ordes teremos a oportunidade de avaliar a súa xestión e a do seu grupo de goberno.

- Que prioridades ve hoxe no municipio que deberían merecer máis atención?

- A reactivación económica do noso tecido empresarial é fundamental, poñer en valor o rural e manter as súas infraestruturas, dinamizar a actividade do noso concello en canto a situación sanitaria o permita e velar polos intereses das familias en situación de vulnerabilidade, ben sexa pola súa situación económica ou polas características persoais dalgún dos seus membros.

- A participación na actividade política resulta máis frustrante ou máis reconfortante?

- Ten de todo un pouco. Reconforta cando axudas a algún veciño ou veciña, pero resulta frustrante cando non podes solucionarlle algún problema que plantexan.

“Sempre tiven boa relación cos compañeiros e compañeiras do PSOE, relación que manteño a día de hoxe e colaboro con eles no que me pidan”

tos, pero perdemos e supoño que tamén se foi perdendo esa ilusión que tiñamos ao principio. Penso que non soubemos estar na oposición e traballar para que todas e todos os que confiaron en nós se sentisen representados.

Descoñezo os motivos polos

municipais de 2019 colaborou vostede co PSOE. Cal é agora a súa relación con este partido?

- Sempre tiven boa relación cos compañeiros e compañeiras do PSOE, relación que manteño a día de hoxe e colaboro con eles no que me pidan.

COMARCA

Aprazan a xuño a instalación do quinto colector de lixo

No remate deste 2021 os municipios de máis de 5.000 habitantes deberían ter instalado o quinto contedor, destinado á recollida selectiva de biorresiduos. O prazo recollido nun proxecto de lei non ía ser cumprido en gran parte das localidades, polo que a FEGAMP expúxolle as dificultades ao Ministerio para a Transición Ecolóxica. O goberno central estableceu unha moratoria ata xuño de 2022.

TORDOIA

Solicitan crear un Punto Limpo no municipio

O Pleno de Tordoia aprobou por unanimidade a solicitude dun Punto Limpo para que a veciñanza poida desfacerse de todo tipo de residuos “de maneira ordenada”, segundo figura na proposta debatida, que foi presentada polo PSOE. O grupo propoñente cre que o servizo axudaría a evitar vertedoiros incontrolados, danos ao medio e prexuízos paisaxísticos, ademais de crear emprego.

FRADES

Rematada a área de xogos con cuberta ao lado do centro de saúde de Abellá

O parque infantil cuberto en Abellá (Frades), situado nas inmediacións do consultorio médico, xa está rematado. A Xunta e o Concello gastaron case 60.000 euros en construílo. Dous terzos do diñeiro procedían do erario autonómico. A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto; o alcalde, Roberto Rey; varios concelleiros e representación da empresa contratista (Cernadas, SL), visitaron a instalación, a segunda deste tipo no municipio despois da habilitada hai uns meses na Pontecarreira. Rey anticipou que complementarán o parque con mobiliario urbano e con árbores.

O BNG de Ordes alega contra Monte Inxerio

✎ Redacción. Ordes.

O BNG de Ordes deu a coñecer a súa alegación contra o proxecto de parque eólico *Monte Inxerio*, que implicaría a instalación de once aerogeneradores no municipio, cunha potencia total de 38,115 MW, e que evacuaría a electricidade mediante a liña de alta tensión Campelo-Mesón do Vento.

O portavoz municipal do Bloque, Pablo Vidal, pensa que “carece de sentido pretender a evacuación da enerxía a través dunha infraestrutura inexistente, que se atopa aínda en tramitación, e ao mesmo tempo intentar dar a entender que se trata de proxectos independentes”.

Vidal coida que en realidade trátase dun macroproxecto forma-

do polos parques eólicos Campelo, Bustelo, Monte Toural, Monte Inxerio, Orzar e Tornado, que compartirían esa mesma liña de evacuación. O edil do Bloque afirma que o fraccionamento en varios proxectos pretende “camuflar o impacto acumulativo e abrigarse ao amparo da lei da depredación cuns trámites moito mais laxos”.

“Eivas”

O BNG apreza “importantes eivas no proxecto, como non analizar os impactos acumulados que producirían outros parques eólicos na contorna, como o de Meirama e As Encrobas, ámbolos dous en tramitación” e previstos a menos de 5 km de Monte Inxerio.

Crítica tamén que non se teña en conta a proximidade do verte-

doiro da Areosa e de Gesuga, tal como explican a menos de 500 metros do parque proxectado. Vidal pregúntase “como poden afectar as turbulencias xeradas no vento aos cheiros que emanan destas instalacións e a afección que terá sobre os núcleos da contorna?”.

A ocupación de terreos dun monte veciñal en man común ou a severa afección sobre 21 núcleos de poboación próximos e o patrimonio, por exemplo o Camiño Inglés próximo, son outras cuestións que preocupan aos nacionalistas.

Vidal manifesta que os aerogeneradores pretendidos aproxímanse aos douscentos metros de altura ata o extremo da aspa. Compáraos coa cheminea da central de Meirama pero con máis impacto visual ao estar en movemento.

A escola de Vilacide estrea a reforma do seu parque infantil

✎ Redacción. Oroso.

O parque infantil da escola de Vilacide, en Oroso, recibiu unha serie de melloras cun investimento conxunto da Xunta e do Concello no que a Administración autonómica achegou case 34.000 euros de axuda nunha convocatoria para infraestruturas de uso público.

A reforma consistiu en renovar a superficie cun novo chan de caucho continuo con base de cemento. Ademais, retiráronse xogos en mal estado e colocáronse outros para garantir a seguridade e o pleno uso de todos os elementos.

O parque foi visitado pola directora xeral de Administración Local da Xunta, Natalia Prieto, e polo alcalde, Luís Rey, acompañados por diversos integrantes da corporación municipal de Oroso.

Prieto explicou que a convoca-



Visita da directora xeral de Administración Local ao parque infantil de Vilacide.

toria da que se beneficiou o parque de Vilacide mantivo este ano unha dotación de catro millóns de euros. Financia 125 proxectos de creación ou renovación de instalacións e equipamentos para a prestación

de servizos en municipios que non chegan aos 30.000 habitantes. Tamén destacou que en Oroso esta convocatoria e o Fondo de Compensación Ambiental levan investido case 316.000 euros.

Denuncias contra plantacións “ilegais”

Redacción. Santiago.

O anuncio da Xunta de establecer unha moratoria para novas plantacións de eucalipto propiciou inicialmente un efecto contrario, sobre o que agora están recaendo as primeiras denuncias.

A campaña emprendida pola organización ecoloxista ADEGA o pasado abril, na que calquera podía achegar de xeito anónimo información sobre supostas plantacións ilegais, superou en só seis meses os 230 avisos, case todos denunciados segundo a asociación, que xa actuou contra un cento.

Repítese unha constante, a da plantación “indiscriminada ou irregular” de eucalipto. En moitos casos prodúcense cortas doutras especies, incluídas carballeiras enteiras, ou cambios de cultivo que estarían infrinxindo a normativa forestal. Hai situacións, informa



ADEGA, nas que mesmo se vulnera a normativa ambiental, a de augas e a de patrimonio.

Máis da metade dos casos corresponden aos días posteriores ao anuncio da Xunta, o que para os ecoloxistas sumado á “falta de vixilancia e control” das autoridades,

demonstra que o goberno autonómico fixo “aumentar o problema”.

Das parcelas denunciadas, unhas 80 hectáreas, o 40% son de plantacións sobre solo agrícola e o 60% destruíron bosque autóctono. Un 15% afectaron a cursos de auga e un 10% a patrimonio cultural.

A “punta do iceberg” e sen coñecer o resultado dos expedientes

O 40% das plantacións denunciadas foron sobre solo agrícola e o 60% eliminaron bosques autóctonos.

ADEGA di ser consciente de que os avisos que recibe e os xestionados por outras entidades son só “a punta do iceberg”, moi lonxe das infraccións que realmente se cometen. Por iso, anima á sociedade a denunciar ou a informar aos colectivos ecoloxistas. Na súa web ten un formulario específico.

A organización ecoloxista tamén lle require á Xunta que “demonstre con feitos a súa teórica vontade de frear a expansión do eucalipto” cumprindo a lei. E reclámalle que a informe sobre o destino de todas as denuncias, tal como a obriga unha recente sentenza do TSXG.

Destino

TU NUEVO
BAR DE
COPAS EN
SIGÜEIRO

Rúa do Tambre 3

Destinosigueiro

SEGUROS

O TEU SEGURO MAIS BARATO!!

Mellorámosche o prezo do teu seguro...
SEGURO!!

As mellores coberturas e prezos nas mellores compañías

- VEHÍCULOS
- FOGAR
- COMUNIDADES
- EMPRESAS: rc, convenio, locais, naves ...
- SAÚDE
- ACCIDENTES
- VIDA

Aforra e paga menos polos teus seguros!!!

SEGUROS **Cristín**

Av. Alfonso Senra, 135 - ORDES

☎ 981 681 400 @seguros@cristin.org

📞 673 843 125

PRIMEIRA NOTICIA

Publicidade: 617 917 130

O Concello de Ordes baralla adquirir a antiga estación ferroviaria da Pontraga

Redacción. Ordes.

O goberno local de Ordes non descarta mercar os terreos da antiga estación ferroviaria da Pontraga. De feito, está agardando recibir unha valoración económica da empresa estatal SEGIPSA, que xestiona este tipo de patrimonio inmobiliario.

Así o desvelou o alcalde, José Luis Martínez Sanjurjo, no Pleno ao que o BNG presentara unha proposta para tramitar a “desafección” dos terreos e dos edificios da estación e lograr a súa “cesión” ao Concello, rematando o contrato de aluguer vixente.

A admisión de urxencia da iniciativa foi rexeitada polo goberno aducindo que formalmente incumpria o regulamento municipal. Para os nacionalistas é unha mostra de “nerviosismo” do rexe-

dor, ao que lle achacan “pavor ao debate coa alternativa ao seu goberno”. Non obstante, o portavoz do BNG, Pablo Vidal, tivo marxe para expoñer as liñas básicas da moción e o alcalde aproveitou para rebatela.

Desafección e aluguer reducido

Para Martínez Sanjurjo, a moción era “un montón de mentiras que non podemos consentir”, tal como lle advertiu a Vidal. O rexedor explicou que a desafección dos bens está feita desde 2005, algo que figura no primeiro contrato de aluguer, de marzo de 2008.

Ademais, negou que outros Concellos como Oroso ou Padrón estean recibindo bens ferroviarios de balde, senón que tamén os obteñen mediante convenios por varios lustros e incorporando o pagamento dun canon.



A vella estación, alugada polo Concello ata 2046, acolle programas formativos e poderá ter novos usos coa Vía Verde.

Ao respecto do importe do aluguer na Pontraga, o primeiro edil ordense incidiu en que á súa chegada ao goberno en 2015 negociou unha rebaixa co ADIF. Pasou dos 750 euros mensuais nos que estaba ata entón a 100 euros ao mes du-

rante 2016 e 2017, cun incremento progresivo ata os 140 actuais. O alcalde defendeu esta xestión porque supuxo ata o momento un aforro de case 54.000 euros para o erario do Concello, de acordo cos seus cálculos.

A Deputación da Coruña promociona o Camiño Inglés na feira turística internacional de Londres

Redacción. Londres.

A Deputación da Coruña converteu o itinerario peregrino que atravesa a comarca por Mesía, Ordes e Oroso en protagonista da *World Travel Market*, feira turística que se celebrou en Londres no inicio de novembro.

Cun posto propio integrado no espazo de TurEspaña, a entidade provincial procurou con este evento potenciar o mercado emisor británico, o principal consumidor do Camiño Inglés.

Á cita acudiron os deputados provinciais Antonio Leira, tamén concelleiro de Turismo e Promoción Económica en Oroso, e José Manuel Pequeño, que recibiron a visita da ministra de Comercio e Turismo, Reyes Maroto. Explicá-



ronlle o labor da Deputación na divulgación dos Camiños que pasan pola provincia.

Houbo tamén unha recepción á *Confraternity of Saint James*, asociación que destaca no seu traballo de apoio ao Camiño Inglés.

A visita de traballo ao Reino Unido pasou tamén pola localidade de Reading, con encontros con autoridades locais e académicas máis asociacións. Alí instalaron sinalización indicadora do Camiño Inglés.

Entre 300 e 400 euros de gasto por camiñante

Cada peregrino ou peregrina gasta entre 315 e 380 euros de media para completar o Camiño Inglés, segundo un estudo presentado co gallo da feira *FairWay* en Santiago. Para os concellos da ruta supón un incentivo económico ao que lle dan prioridade na recuperación posterior á pandemia.

O estudo, no que se lle preguntou a camiñantes en Sigüeiro, apreza unha suba no gasto medio ata entre 50 e 75 euros diarios. Os peregrinos botan en falta máis infraestruturas de aloxamento e unha maior oferta cultural.

A ministra Maroto, no posto da Deputación que promocionou o Camiño Inglés.

A sexta onda da Covid fai reforzar prevencións

Redacción. Ordes.

A Covid 19 continúa matando. A sexta onda, en plena expansión esta semana, non acadará cifras tan sinistras como algunha das previas, pero obriga a recuperar algunhas medidas preventivas.

Unha delas é a necesidade de presentar o pasaporte Covid -acreditación de terse vacunado, unha proba negativa ou ter superado a doenza- para acceder como visitantes ou acompañantes a centros hospitalarios. A Xunta estableceu na desde este 20 de novembro, con aceptación da xustiza.

Esta semana ademais está previsto que o certificado volva ser obrigatorio para acceder á hostalaría, como xa o é no ocio nocturno. Así o anticipou o presidente au-



Feijóo anticipou a recuperación do certificado Covid na hostalaría.

tonómico, Alberto Núñez Feijóo, que precisou que a situación en Galicia non é mala pero a evolución na última quincena aprézase como “certamente preocupante”.

Basta con ver os datos. Se o primeiro día de novembro os novos casos andaban pola trintena diaria en toda Galicia, nos últimos días eran dez veces máis. Prevese que esta semana se superen os 400 casos diarios.

O outro foco está posto nas vacinacións, que son as que están evitando unha traxedia moito maior. Coa aplicación da terceira dose xa iniciada, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, animou a inmunizarse tamén ao 6% de poboación que aínda non o fixo. Explicou que esa xente, ese 6%, representa o 20% de ingresos hospitalarios por mor do andazo e un 50% de doentes en coidados intensivos.

Evolución diaria do andazo, no Facebook de Primeira Noticia.

TORDOIA

O secretario xeral para o Deporte da Xunta comproba na Pontepedra o acondicionamento da piscina



O secretario xeral para o Deporte da Xunta, José Ramón Lete Lasa, visitou Tordoia para coñecer o remate do acondicionamento da piscina municipal na Pontepedra. Acompañado polo alcalde, Antonio Pereiro, supervisaron o investimento de case 40.000 euros para limpar e fixar lousas, pavimentar o exterior con caucho continuo absorbente de impactos e colocar pedra. Lete explicou que 9,15 dos case 32,5 millóns do seu departamento en 2021 destínanse a crear e reformar infraestruturas.

trastes
Centros de Educación Infantil
My First School

Escuela infantil gratuita

CONVENIO

XUNTA DE GALICIA

Visita el centro,
sin compromiso

981 690 944
669 956 427

Rúa do Deporte 10. Sigüeiro.
oroso@escuelainfantiltrastes.es
www.escuelainfantiltrastes.es

Viaxe desde Tordoia ao sur galego

Varias decenas de persoas de Tordoia participaron nunha excursión municipal pola provincia de Pontevedra, que tivo paradas tan interesantes como a ruta de sendeirismo homologada da Pedra e da Auga, en Meis, o Museo da Salgadura no Grove ou o Pazo de Castrelos de Vigo.



MESÍA

Obradoiros de música tradicional da man de expertos de primeira liña



A Asociación da Gaita Galega impartiu varios obradoiros de música tradicional en Mesía. A Casa da Cultura acolleu un sobre a presenza da trompa galega na música a cargo de Francis Olivier, outro sobre o pandeiro cadrado e a súa técnica da man de Noemi Basanta, un terceiro sobre o tambor galego e as técnicas e recursos para crear arranxos na música tradicional, con Arantza Alfaia. Rematou a xornada co obradoiro de toque de muiñeira vella a man aberta no canto de tradición oral galega, impartido por Guillermo Inácio.



Natureza e cultura con 'O Camiño que nos une'

Vincular patrimonio cultural e natural e darllo a coñecer á poboación máis próxima. Foron os obxectivos do proxecto *O Camiño que nos une*, posto en marcha polo Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Ordes (ASDECOMOR).

Nos sete municipios da bisbarra organizaron cadansúa xeira (nas imaxes, as de Mesía e de Trazo) cunha andaina e unha actividade cultural nun espazo de interese cultural, natural, histórico ou arquitectónico.

Con ASDECOMOR colaboraron a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



TORDOIA

Actividade de micoloxía



En Tordoia levouse a cabo unha actividade de micoloxía que lles permitiu ás persoas que participaron diferenciar variedades de setas, identificar as comestibles, aprender a buscalas e apañalas, e asistir a unha degustación.

Excursión municipal de Frades a Lugo

Unhas oitenta persoas acudiron á excursión organizada polo Concello de Frades a Lugo. Visitaron o parque de Avifauna, o castro de Viladonga, a Muralla de Lugo e diversos puntos de interese da capital provincial. Entre os días 4 e 7 de decembro prográmasse outra saída, nesta ocasión para percorrer Navarra e La Rioja. O prazo para anotarse remataba o pasado 19.



Novos selos de calidade para o CEIP Sigüeiro

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, en Oroso, acaba de recibir o Selo de Calidade Nacional e o Selo de Calidade Europeo para dous proxectos innovadores impulsados desde a área de lingua estranxeira (inglés) do centro con diversos socios europeos como copartícipes. Cos recibidos o ano pasado, suma catro selos nacionais e tres europeos.

Un deles, o *Web2English*, aglutinou 24 socios de 12 países. Efectuouse en quinto de Primaria. Destacou polo feito de que o alumnado deseñou ferramentas e actividades para a súa propia aprendizaxe utilizando diversas aplicacións. Practicaron e compartíronas mediante videoconferencias.



O segundo proxecto, denominado *L@ngu@ges4all*, desenvolveuse en sexto de Primaria en colaboración con 56 centros de 25

países. Abordaron a diversidade lingüística europea e crearon un dicionario multilingüe básico para manexarse en varios idiomas.

O ordense Alejandro Varela expón nun curso en Viena a súa actividade docente con metodoloxía bilingüe



O mestre ordense Alejandro Varela Raña, que traballa na sección bilingüe de Educación Física no CEIP do Mesón do Vento, presentou en Viena a súa actividade coa metodoloxía *Content Language Integrated Learning*. Esta acción enmárcase no programa *Wink*, no que docentes de toda Europa colaboran para mellorar a calidade e a eficacia profesional. Varela, como outros mestres e mestras de centros da comarca ordense, xa acudiu en 2019 a Edimburgo e este mesmo ano a Lisboa, dentro do calendario do programa. Contan coa colaboración do Centro Autonómico de Formación e Innovación.

O colexio Camiño Inglés, de Erasmus con Irlanda e Francia

O CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, en Sigüeiro (Oroso), ten previsto desenvolver este curso un novo programa Erasmus+ con socios franceses e irlandeses.

A iniciativa, que forma parte do proceso de internacionalización do centro, compartirase con centros de Waterford (Irlanda) e de Brest (Francia). Para establecer os contactos, segundo o CEIP, ti-

veron un papel importante a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso.

Nas actividades terá protagonismo a figura de James Rices. Este alcalde procedía de Waterford e a finais do século XV peregrinou dúas veces a Santiago. Tomando a súa viaxe como fío, os tres centros educativos traballarán sobre aspectos como as ferramentas dixi-

tais, o patrimonio común e aspectos ambientais claves relacionados coa auga, especificamente cos ecosistemas fluviais. Alumnado e profesorado visitarán os demais colexios, se a Covid o permite, e en xornadas de traballo conxunto analizarán a saúde dos ríos da súa contorna e descubrirán cuestións sobre o patrimonio europeo e o feito xacobeo.

O director do Camiño Inglés, Francisco Ávila, considera que os programas europeos “son unha oportunidade para toda a comunidade posto que unha ferramenta moi importante para a mellora das competencias lingüísticas e promoven a innovación docente”.

A iniciativa foi seleccionada cunha achega duns 22.500 euros para o colexio de Oroso.

Os traballos e produtos do mar, no CEIP Campomaior

O Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Campomaior de Ordes está a levar a cabo un proxecto educativo chamado *Pisces* enmarcado dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A iniciativa ten o dobre obxectivo de facilitar o coñecemento e consumo de produtos do mar de Galicia.

Por iso, a Asociación Nacional de Mulleres da Pesca (Anmupesca) efectúa unha serie de obradoiros no centro. A súa presidenta, Rita Míguez de la Iglesia, e a secretaria, Ángeles Mille Rodríguez, trouxeron diferentes aparellos de pesca para explicarlle ao alumnado en que consisten os seus traballos de mariscadora e de redeira, respectivamente.



Obradoiros sobre os oficios de redeira e de mariscadora no centro educativo ordense. W

DEPORTES DE PRIMEIRA

Tordoia, capital da halterofilia galega



O Club Halterofilia A Coruña impúxose nas competicións masculina e feminina.

Redacción. Tordoia.

O pavillón polideportivo da Pontepedra, en Cabaleiros (Tordoia) acolheu a cuarta e derradeira xornada da Liga Galega de Halterofilia, na que polo tanto se decidiron os primeiros postos. Acaparounos o Club Halterofilia A Coruña, no que compite o tordoies Martín Liste Viaño, unha das principais figuras deste deporte no ámbito de toda España.

Non foi ningunha sorpresa, pois a entidade herculina chegaba

a este remate de competición cunha clara vantaxe, tanto na clasificación masculina como na feminina, sobre os demais equipos.

O título masculino acadárono con 7.334 puntos. O segundo posto foi para o ourensano CH Pabellón, con 6.603, e na terceira posición situouse o coruñés CH Sulyos, que finalizou cunha suma de 6.461 puntos. Seguíronos o CH Vigo e o CH Rías Baixas, en cuarto e quinto lugar.

Na competición feminina, calouse o poio. O Club Halterofilia

A Coruña liderou con 3.318 puntos, cunha clara distancia sobre o CH Pabellón (2.763) e o CH Sulyos (2.747).

De todos os xeitos, non era o resultado final previsto, pois durante toda a competición a segunda praza víñalle correspondendo ao CH Pontevedra. O feito de que este equipo non se presentase na derradeira xornada en Tordoia fíxolle perder toda opción de podio. A entidade pontevedresa rematou na quinta praza, despois do CH Vigo.

A xornada de competicións na Pontepedra, que se disputou o 30 de outubro, era ademais a das clasificacións para acudir á Copa do Rei e a Copa da Raíña, que se celebrarán este mes de decembro en Oviedo. O CH A Coruña conseguiu billete tanto na categoría masculina como na feminina.

O CH Pabellón marchou de Tordoia agardando a coñecer o resto dos resultados dos demais equipos para saber se lograra o seu billete para esa competición, tal como informou o club coruñés.

XADREZ

Primeiros postos do Oroso

O Torneo de Promoción de Ferrol de xadrez saldouse con considerable éxito para competidores do Club Xadrez Oroso.

En concreto, Enma Campelo Mallo proclamouse campioa da categoría sub 10 no seu primeiro ano como xogadora de xadrez. Christian Noya Mellado, de sete anos, desfíxose de rivais de máis idade e foi campión sub 12.

Zaira Campelo Mallo, tamén de sete anos, confirmou a súa espectacular progresión e proclamouse campioa sub 18. Acadou ademais o oitavo posto na categoría absoluta/adulta, superando a xogadores adultos máis veteranos.

O club amosou o seu orgullo polos éxitos e reiterou a súa vontade de seguir traballando polo xadrez na contorna.



A canteira do Club Xadrez Oroso fíxose cos primeiros postos en Ferrol.

esfuerzo
salón
DISEÑO
muebles a medida.
CREATIVIDAD
TARIMA
armarios
PLADUR
reforma
COCINA
PINTURA
EXPERIENCIA
ESCALERAS
PROYECTO
fontanería
aislamientos
dormitorios
COMEDOR
baños
INNOVACIÓN
compromiso
ELECTRICIDAD

**PROYECTO
DISEÑO
REFORMA**

Alfonso Senra 52
15680 Ordes (A Coruña)
981 68 04 30 - 650 45 19 38
carpinteriaardemil@gmail.com



DORMITORIO MOSCÚ

Dormitorio de matrimonio cambrian. Incluye cabezal 135-150 cm. y 2 mesitas. Disponible mesita de 50 cm.

PVP: 329€



CHAISELONGUE ANDURIÑA

Sofá chaiselongue izquierda o derecha de 260x160 cm. con 2 puffs, asientos deslizantes, respaldos reclinables y arcón útil.

PVP: 699€



Cinco tenistas de mesa de Oroso clasifícanse entre os mellores españois

Redacción. Oroso.

O tenis de mesa de Oroso segue marcando a pauta. No torneo zonal en Santander, clasificatorio para o estatal do vindeiro marzo, logrou clasificar cinco xogadores dunha expedición de trece.

Na categoría benxamín masculina, Sasha Malov foi o campión da proba e Nico Otero rematou en sétima posición. Na competición xuvenil masculina, oitavo posto para Martín Fernández e noveno para Uxío Pampín. Na categoría de veteranas, destaca o subcampionato acadado por Raquel Pérez.

A expedición

O resto de deportistas que acudiron a terras cántabras desde Oroso foron Iago Viqueira (benxamín), Naiara Otero (alevín), Este-

ban Rodríguez e Alex Rey (xuevenil), Matías Conde e Brais Blanco (sub 23). Algúns deles finalizaron en postos moi próximos á clasificación. Este mes de decembro teñen unha nova oportunidade en Madrid.

A cita en Cantabria sumou medio milleiro de competidores e competidoras da propia Cantabria e de Asturias, País Vasco, A Rioxa, Castela e León e Galicia.

O valor da canteira local

Para os responsables desta especialidade deportiva en Oroso, os resultados en Santander foron “excelentes” e demostran “unha vez máis que a canteira goza dunha excelente saúde”, valoran. Confían en que continuarán colleitando numerosos éxitos en novas competicións.



Arriba, a expedición de Oroso que viaxou a Santander. Abaixo, Sasha Malov, campión benxamín masculino.

OROSO

O CEIP do Camiño Inglés celebrou a súa oitava Carreira Escolar do Magosto



O CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, en Sigüeiro (Oroso), celebrou a súa oitava Carreira Escolar do Magosto. Con itinerarios pola contorna do centro, especialmente polo Paseo do Carboeiro, estableceu categorías con diferentes percorridos, desde os 250 metros de infantil, os 500 para primeiro e segundo de primaria, os 750 para terceiro e cuarto e os 1.500 para quinto e sexto, así como os 1.600 metros para as persoas adultas que se quixeron sumar ao evento de convivencia deportiva.

A Silva-Ordes destaca nos campionatos de España

O Club Atlético A Silva-Ordes tivo unha exitosa participación nos Campionatos de España sub 14 e sub 16 de atletismo.

O equipo feminino sub 14 clasificouse no décimo quinto posto nas probas disputadas en Xixón. Obtivo 508 puntos, récord no club. O equipo integrárono Paula Fernández, Alba García, María Estévez, Debris Paniagua, Carla Vilariño, Antía Calviño, Lara Liste, Icí Ares e Vega García.

O equipo feminino sub 16 acudiu a Camargo (Cantabria) e obtivo o quinto posto na final B1 do Campionato de España. Conformaron o conxunto Nerea Martínez (ouro individual en 100 metros lisos), Sara González, Noa



Rey, Daniela del Río, María Pena Grela, Nadia González (ouro no relevo 4x100 e bronce en 100 metros valados), Noa Piñeiro, Diana Mosquera, Dalia López, Ángela Piñeiro, Julia Parceró, María Villaverde (ouro en 4x100), Candel Iglesias, Andrea Orjales, Marta Lazara (ouro no 4x100), Nerea Fernández (ouro no 4x100), Nadia González e Antía Rey.

A entidade deportiva da nosa comarca foi unha das poucas que conseguira a clasificación para os dous campionatos.



BOUDSPORT

Catorce medallas no internacional de Pontevedra

O club BoudSport de Ordes acadou catorce medallas no XXIII Open Internacional de Pontevedra, ao que acudira con dezaoito deportistas.

Seis dos metais foron ouros, para Mateo Boudjenane (júnior -63 RG liga A), Cristóbal Boudjenane (máster 2 -68), Alba Rey (cadete 59 RG liga A), Mateo Fernández (precadete -36 liga A), Alba Figueira (infantil -32 liga A) e Zef Jaku (precadete -49 liga B).

As tres pratas acadáronas Pablo Figueira (júnior -73 RG liga A), Pablo Pazos (cadete -33 liga A) e Gonzalo Bermúdez (precadete A).

E cinco bronce de Sara Juncal (cadete RG liga A), Luana Jaku (infantil liga A), Noelia Juncal (infantil liga B), Abril Viqueira (júnior 68 liga B) e Hugo Calviño (precadete liga B).

Participaron tamén Sara Soñeira (quinta en júnior), Dunia Figueira (cadete), Samuel Pardo (quinto en cadete) e Estela Couso (precadete).

Bronce en París

Por outra parte, Mateo Boudjenane Liñares logrou o terceiro posto do podio en categoría júnior - 63 no French Open 2021 de



Algúns dos deportistas do BoudSport que competiron en Pontevedra e Mateo máis Cristóbal Boudjenane en París (abaixo dereita).

taekwondo en París. É unha das competicións de maior prestixio internacional da especialidade.

O resultado confirma o gran estado de forma actual do depor-

tista ordense. En BoudSport consideran que é un dos claros favoritos a podio no Campionato de España de Clubs, previsto para os vindeiros días en Benidorm.

Deluquería canina
TRASKILADOS

Guapos, sanos e felices

De luns a vernes, mañás de 10:30 a 13:30; tardes de 17:00 a 20:00.

Traballamos con cita previa.

Para outros horarios preguntanos sen compromiso.



Servizo a domicilio



Servizo de recollida



**XOGUETES
COSMÉTICA
ALIMENTACIÓN**

Rúa da Fonte 2, Ordes

628 30 24 63



Nuestra selección, tu estilo

DICAM

Joyería - Relojería



C/Xuncal n22 - Sigüeiro 15888 Oroso A Coruña

 629 81 01 98